




A época das casas nobres

Seguindo o noso percorrido pola historia desta parroquia, convén pararse a comentar a influencia que aquí tiveron as diferentes familias nobiliarias, que dende os seus pazos dirixiron as rendas da parroquia durante dous longos séculos. Aínda que Cela no chegou a albergar ningún "Gran Pazo", si estiveron presentes familias con certo poder económico, que residiron en casas blasonadas como "A Casa Grande do Torrón", "A Casa Friande" ou "A Casa da Torre".

Sen dúbida, a máis importante de todas elas foi "A Casa Grande do Torrón", situada no propio lugar do Torrón. As primeiras noticias que coñecemos sobre este pazo son do século XVII, século no cal se leva a cabo a súa fundación por un membro da familia "Dos Aldao", o cal deixa constancia nos dous escudos que aínda hoxe se poden ver; a diferenza do resto das casas blasonadas, esta alberga dentro do seu recinto unha pequena capela, "Capela de San Antón" construída en 1732. Como a familia nobre que era, "Os Aldao" posuíron numerosas rendas na parroquia, que cobraron tódolos anos en



especias, e así solidificaban o seu dominio social; compre sinalar que esta familia posuía outras propiedades fóra da parroquia, e en lugares tan distantes, coma nas por entón descubertas terras de América.

Como proveito da orografía do terreo, asentouse no lugar da Torre, unha pequena fortificación, ó parecer provista dunha torre, da cal hoxe a penas se conseravan algunhas pedras no medio da maleza. A súa construción remóntase a dous-tres séculos, máis temprana que da anterior, en torno ós séculos XIV - XV. A posteriori a penas se coñeceron noticias sobre esta residencia nobiliaria, salvo a súa conversión a un apeadeiro entre os anos 1601 - 1695.

A familia que dirixiu os destinos desta pequena fortificación foi nun principio a familia dos "Condes de Maceda", nos anos posteriores entra a formar parte a nobreza dos "Sotomaior", tal como se pode ver nos dous blasón que hoxe se conservan.

De importancia menor, é a "Casa de Friande", propiedade dun membro da baixa nobreza, posiblemente dalgún "escudeiro" ou fidalgo. Tan incerta e a súa data de Construción, como a da familia a quen pertenceu; os primeiros indicios apuntan a familia "Troncoso de Lira" a cal tiña tamén unha pequena casa solariega na veciña parroquia de Ardán.